

Denominación da Entidade Asociación Musical y Cultural Cantabile	Clave Entidade 30/798
Nome artístico Coro Cantabile	Clave Grupo CS/88
Título do espectáculo Te Deum H.146 de Charpentier, Marc-Antoine	

Sinopse:

Neste espectáculo, o Coro Cantabile amosa ao público a obra central do seu proxecto formativo. Ano tras ano, a rapazada do Coro fórmase traballando sobre unha obra escollida polo director e profesor de canto, Pablo Carballido del Camino. Nesta ocasión trátase do Te Deum de Marc-Antoine Charpentier, motete polifónico composta, probablemente, entre 1688 e 1698. Sobradamente coñecido é o seu preludio instrumental, sintonía da Unión Europea de Radiodifusión, do Festival da Canción de Eurovisión e do Torneo de Rugby das Seis Nacións.

Cantabile é un coro de voces mixtas, de 8 a 25 anos, cun repertorio de música polifónica variada, que abarca desde a música barroca, especialmente a obra sacra de Mozart, Haydn, Vivaldi ou Haendel, ata a música actual, pasando pola música popular galega, etc.

Do Coro forma parte tamén a Sección Xuvenil, con mozos e mozas a partir de 14 anos, que montan as súas propias pezas musicais achegando connotacións distintas ao repertorio de Cantabile.

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, perante a Deputación da Coruña en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal